

# RÍO EO

(Adela Leiro, Mon Daporta)




<b>NACEMENTO E FONTES</b>	Fonte (Baleira). A fonte máis lonxana é a do rego do Lameirón, na serra do Miradoiro, a 780 m de altitude.
<b>LONXITUDE</b>	91,5 km (79 por Galicia)
<b>PERCORRIDO</b>	Poboacións: Ribeira de Piquín e A Pontenova en Galicia; San Tirso de Abres e Abres, en Asturias. Desemboca cerca da Veiga.
<b>DESEMBOCADURA</b>	Ría de Ribadeo (mar Cantábrico)
<b>CONCA</b>	Superficie: 930 km <sup>2</sup> (700 km <sup>2</sup> en Galicia)
<b>SERRAS MÁIS IMPORTANTES</b>	<p>CONCELLOS: Baleira, A Fonsagrada, Ribeira de Piquín, Pol, Meira, A Pastoriza, Riotorto, A Pontenova, e Ribadeo (Galicia); Santa Eulalia de Oscos, Villanueva de Oscos, Taramundi, San Tirso de Abres, A Veiga do Eo e Castropol (Asturias).</p> <p>OESTE: serras do Miradoiro, Vacariza, Meira, Pousadoiro, Carracedo, Cadeira, Penalonga e Mondigo.</p> <p>LESTE: serras de Madoura, Lastra, Hospital, Follabal, Ouroso e Bobia.</p>
<b>AFLUENTES DEREITA</b>	<p>Rodil, Bidueiro, Turia, Ouría e Suarón</p> <p><b>Río Rodil:</b> nace na Serra do Invernal (A Fonsagrada) e percorre as terras da Fonsagrada e Ribeira de Piquín onde se xunta co Eo. Os principais afluentes son: Esteiro, Penide, Pontigón, Veiga de Logares, San Estevo e Bambello.</p> <p><b>Río Turia:</b> nace no Coto de Frades e xúntase co Eo na Pontenova.</p> <p><b>Río Suarón:</b> nace no alto da Garganta (entre a serra de Ouroso e Bobia) e xúntase co Eo na Veiga.</p>
<b>AFLUENTES ESQUERDA</b>	<p>Martín, Lúa, Xudán, Riotorto, Carreirachá, Trabada, Ferreira e Grande.</p> <p><b>Río Martín:</b> nace na serra da Vacariza e xúntase co Eo en Murias (Baleira).</p> <p><b>Río de Riotorto:</b> nace no Marco de Alvare e recolle augas da serra de Lourenzá. Xúntase co Eo en Vilameá.</p> <p><b>Río Grande:</b> nace nos montes da Fornea e xúntase co Eo no esteiro (Reme-Ribadeo).</p>
<b>FENÓMENOS XEOLÓXICOS DESTACADOS</b>	<p>O Eo ten un percorrido sinuoso e de pendente suave. Comeza cun val amplo e logo encáixase ata a Pontenova. No curso baixo forma chairas aluviais e terrazas e un esteiro de extensas marismas que quedan ao descuberto na baixamar.</p> <p>Nos seus afluentes de maior desnivel hai varias fervezas:</p> <p><b>SAN PAIO (POZO DA SERRA):</b> no lugar de San Paio, na parroquia de Cubilledo (concello de Baleira), no río Eo. A ferveza ten unha altura de 8 a 10 m en lousas e está un pouco modificada pola presa do muíño.</p> <p><b>POZO DA FERRERÍA:</b> no rego de Arendal, afluente do Eo en San Paio (Baleira). Pouco antes de se xuntar co Eo cae nun desnivel en lousas de 3 m de altura.</p> <p><b>A MARRONDA:</b> en Baleira, no rego de Souto, afluente do Martín, que discorre polo fondo da fraga da Marronda con varios saltos e rápidos. A ferveza máis alta ten arredor de 6 m de altura en cuarcitas e lousas.</p> <p><b>QUEIXOIRO:</b> no lugar de O Queixoiro, (A Bastida- A Fonsagrada), no rego do Queixoiro, un afluente do Rodil que discorre por un terreo de lousas con saíntes de cuarcitas máis resistentes e forma numerosos rápidos e varias fervezas. A primeira mide arredor de 15 m de altura e a segunda 12 m.</p> <p><b>PENA DOS PORTELOS:</b> en San Xurxo (Ribeira de Piquín) no linde con Meira; no rego de Survial do Couso (Eo) que baixa da aba oriental da Serra de Meira. O río cae nun barranco de lousas moi fondo e escuro dunha altura de máis de 15 m.</p> <p><b>A MEXADOIRA:</b> en Seixosmil (Meira), no rego de Murias ou dos Teixos, un afluente do Eo que baixa da aba oriental da Serra de Meira. O río cae sobre lousas dunha altura de máis de 15 m nun entorno de bosque autóctono moi ben conservado. No verán leva pouca auga.</p> <p><b>SAN XES:</b> en Bogo (A Pontenova). O río Bidueiro baixa por un estreito cavorco de cuarcitas polo interior da fraga de San Xes nun recuncho no que se conservan varios muíños.</p> <p><b>POZO DA CHAMOSA:</b> no concello de A Pontenova, entre as parroquias de Bogo e Vilaboa. No rego de Bounote (Reigadas). Un salto en lousas duns 8 m de altura. No camiño hai outros saltos máis pequenos.</p>

<b>CLIMA</b>	Atlántico, máis frío nas serras.
<b>TIPO DE RÉXIME</b>	Pluvial con achegas de neve. Presenta augas altas invernais e unha moderada estiaxe.
<b>CAUDAL</b>	19,61 m <sup>3</sup> /s
<b>FLORA</b>	<p>O río Eo ten unha boa e variada flora acuática e de ribeira con bosques mixtos de amieiras, salgueiros, freixos, bidueiros, avelairas, carballos... e numerosas especies arbustivas e herbáceas entre as que se atopan algunhas pouco comúns en Galicia como os fentos (<i>Vandenboschia speciosa</i>, <i>Woodwardia radicans</i>,...) e os brións (<i>Sphagnum pylaesii</i>), equisetos...</p> <p>No esteiro abundan as sebas, os xuncos (<i>Juncus maritimus</i>), os carrizos e as canaveiras. Algúns vales acollen fragas atlánticas ben conservadas cunha gran biodiversidade: A Marronda, Carballido, San Xes, O Cabanal, Veiga de Logares...</p>
<b>FAUNA</b>	<p>Ao longo do curso do río podemos atopar lontra, furapresas (<i>Galemys pyrenaicus</i>); garza real, picapeixe (<i>Alcedo atthis</i>); así como moluscos de interese como o mexillón de río (<i>Margaritifera margaritifera</i>) e nas marxes de algún dos seus afluentes a pouco común <i>Elona quimperana</i>, unha caracola de cuncha aplanada. É dos poucos ríos galegos onde se pesca habitualmente o salmón. Tamén hai lampreas e cangrexos de río.</p> <p>O esteiro do Eo acolle importantes poboacións de aves acuáticas invernantes. Destaca o número de especies pouco comúns noutras áreas como o pato asubiador (<i>Anas penelope</i>), o pato rabudo (<i>Anas acuta</i>), o mazarico real (<i>Numenius arquata</i>), o mergullón de pescozo negro e o bilurico escuro (<i>Tringa erythropus</i>).</p>
<b>APROVEITAMENTO</b>	Subministro de augas para as poboacións e a agricultura, pesca, acuicultura, xeración de enerxía eléctrica (hai minicentrales no Eo e no Rodil), lecer...
<b>ESPAZOS PROTEXIDOS</b>	<p><b>Reserva da Biosfera:</b> "Río Eo, Oscos e Terras de Burón"</p> <p><b>LICs:</b> "Río Eo", "A Marronda", "Carballido", "San Xes"</p> <p><b>Humidal Ramsar e ZEPA:</b> "Ría de Ribadeo" (Galicia), "Ría del Eo (Asturias).</p> <p>A ría do Eo está incluída ademais no Inventario de Áreas Importantes para as Aves da Sociedade Española de Ornitoloxía (SEO/BidLife)</p>
<b>DATOS HISTÓRICOS</b>	<p>O Eo foi un río intensamente empregado para mover enxeños hidráulicos: muíños, ferrerías, batáns e moas de afiar.</p> <p>Na súa cunca foi importante noutros tempos a mineiría de ferro que alimentaba as numerosas ferrerías ou mazos nos que se traballaba para elaborar todo tipo de utensilios. A comezos do século XX (1903) houbo gran actividade nas minas de ferro de Vilaodríz (A Pontenova), que acadou a súa cota máxima de produción (175.000 Tm) en 1911. Para o transporte do mineral construíronse 34 km de ferrocarril de vía estreita que levaba o mineral ata o embarcadiro de Ribadeo. Na Pontenova consérvanse os fornos de calcinación do mineral de ferro.</p> <p>En toda a zona consérvase un rico patrimonio etnográfico relacionado co río.</p>
<b>CURIOSIDADES</b>	<p>Durante séculos o seu curso inferior chamouse río de Miranda, e a parte inicial do seu esteiro é coñecida como ría de Abres.</p> <p>Antes de xuntarse o Eo e o Rodil circulan paralelos en sentido contrario separados por un lombo rochoso que foi perforado para facer pasar a auga do Rodil e mover un muíño situado á beira do Eo.</p>
<b>PROBLEMAS</b>	Contaminación, especies invasoras, construcións que alteran os ecosistemas.

# RÍO EO

NACEMENTO: Fonteo (Baleira)



DESEMBOCADURA: Ría de Ribadeo (Mar Cantábrico)